

## TEXTOS CRÍTICOS ARTISTAS CHÁMALLE X 2010

### ALBA BLANCO

*Abrió los ojos,  
se echó un vestido,  
se fue despacio, a la cocina.  
Estaba oscuro, sin hacer ruido,  
prendió la estufa, y a la rutina.  
Sintió el silencio como un apuro,  
todo empezaba en el desayuno.(...)*

*La mujer (o Se va la vida, compañera).*

*León Chávez Teixeira*

A multiplicidade de oficios que desenvolvemos as mulleres no noso día a día converte a nosa vida nun espectáculo que nada lle ten que envexar ao mellor dos circos. Este descubrimento forzou a canle do meu desenvolvemento creativo e converteu a miña produción nun diálogo entre estes dous mundos.

A miña formación en danza e swing malabar foi unha constante que utilicei neste diálogo, un nexo para resolver o conflito clásico de unión entre opostos, entre a imaxe mental e a vivencia, entre pensamento e sentimento ou entre o apolíneo e o dionisiaco.

Finalmente, o obxectivo desta investigación non é o de posicionarme a un lado da batalla de xéneros —aínda sen esquecer a miña condición feminina—, senón o de advertir as dificultades que encerra este espectáculo do cotián e do íntimo; un espectáculo cheo de emoción e complexidade, que debemos afrontar con valentía. En definitiva, gustaríame facer visibles, mediante a performance, eses actos —como malabarismos— moi difíciles de executar, soportar e compaxinar; mostrarlle ao espectador o máis difícil aínda.

.....

Carlota Salgado

Formulo un tipo de obra a medio camiño entre a instalación, a escenografía teatral e a performance. Trátase dun espazo transitable, de experiencias vivenciais, sensacións e historias extraídas do mundo colectivo e tamén do meu propio mundo interior.

Falo dunha reconstrución de vidas alleas, dun apropiarse de historias esquecidas e de experiencias diferidas. Toda esa bagaxe de memoria, ausencia,

recordos colectivos e pensamentos individuais invadiron a miña maleta de traballo, que se converteron na materia prima para construír a obra, e caracterizaron o meu *modus operandi*, non só no labor artístico, senón tamén no transcorrer do día a día. O límite do real e do representado é difuso; así como a franxa que separa o privado do público.

.....

Ángel Pastor

Introducinme na performance a partir das lecturas teóricas e históricas e do meu contacto con artistas na Barcelona dos anos noventa. A miña actividade na performance axúdame a entender o mundo nun sentido amplo, a relacionarme con el, a estar nel; é para min un laboratorio onde poñer en acción, realizar experimentos con ideas, conceptos, aspectos da realidade que me resultan incómodos.

Cada performance é, para min, un proceso e a resolución dun problema que non se concreta ata o último momento e no que van xogar o seu papel todos os aspectos que interveñen: dende unha posible idea ou elemento detonante, o que vai sucedendo ao meu arredor, ata as características do lugar e do momento en que se vai presentar, pasando polos materiais ou medios dispoñibles. Todo un proceso en que hai que tomar decisións, estar atento. Nese proceso é importante saber renunciar aos elementos accesorios, redundantes e non absolutamente necesarios. A performance funcionará se se toma a decisión axeitada. A acción que realizo é a única posible nese momento ou situación.

Nas performances preocúpame moitísimo utilizar as posibilidades de liberdade que a arte de acción, como a linguaxe, me permite. Xunto a iso é tamén fundamental o feito de compartir a experiencia con outros, os descubrimentos que realizo durante a súa realización e as reflexións a posteriori. Como artista interésame a metáfora do creador como o oleiro que fabrica unha vasilla baleira que o receptor ou usuario pode encher. Non me interesan as mensaxes ou lecturas unívocas, non me considero máis sabio que a xente que me rodea.

.....

Sofía Misma

Esta acción é parte da serie chamada Tempo de desapego, que comezou no ano 2003 cando lle regalei cen bolsas coas miñas pertenzas ao público asistente. Dende entón funme desapegando de moitas outras cousas, tanto físicas como emocionais.

O título desta obra é *DES\_ENCADENADA. Tempo de Desapego XI*. Nela fago labor de gancho para construír unha longa cadeneta. Durante a acción ato

diferentes obxectos domésticos á cadea e conecto tamén as colaboradoras e constrúo unha especie de gran rede que ocupa parte do espazo público.

Utilizo a agulla de gancho nalgunhas das miñas obras como ferramenta para expresar ideas como: facer-desfacer, encadeamento-alienamento e traballo tradicionalmente realizado por mulleres. Neste caso, estas ideas vanse facendo máis patentes a medida que se realiza a acción, xa que é unha reflexión crítica no modo en que historicamente as mulleres foron usadas como xogos sexuais e traballadoras non remuneradas. Desafortunadamente, é importante considerar este asunto, aínda hoxe, non só nas sociedades non occidentais, senón nos chamados países desenvolvidos.

É por iso que o meu traballo artístico, con frecuencia, se relaciona con temas de xénero inspirado, tanto no social como nas miñas propias vivencias como muller.

.....

Malgosia

O meu traballo na arte de acción está baseado na interacción entre práctica e teoría (expresada nos meus textos). Trato de alcanzar un estado (utópico?) de conciencia artística, en que a idea nunca precede totalmente á acción, nin esta nunca ilustra completamente a idea. A performance é dalgún modo «real» —é para min, precisamente, o sentido lacaniano de «o real»—: unha dimensión que xira arredor do que é imposible significar.

Polo tanto, traballar na performance é un deber que me autoimpoño para seguir a busca do meu propio modo individual de tratar cun momento fóra da realidade común, que inclúe a propia presenza/ausencia; aprender a estar totalmente cun mesmo nese momento, aprender a someterse a un proceso constante de acción e cognición, que pode ser emocionante e pode ser aterrador.

Na miña serie procesual de performances *SEDU/A/CCIÓN* intento explorar a relación entre texto e fisicidade, intelecto e emocións, anécdota e pura libido. As respectivas accións expresan a miña fascinación polo inquietante, a tensión que xorde da xustaposición da provocación directa co enigma hermético que se resiste a interpretacións doadas. A través de combinacións de impulsos sensuais, emocionais e intelectuais, irreverentes cara a expectativas de corrección ou ideolóxicas, trato de mostrar —conscientemente— a arte de acción en si mesma como unha

intención de sedución con multitude de niveis. Neste caso o artista asume a posición narcisista, é ambos os dous, suxeito e obxecto, á vez.

.....

Pep Aymerich

*En el autismo del yo*, o artista interactúa cunha réplica do seu propio corpo. Esta acción representa un intento de atoparse a un mesmo. O artista entrégase en plenitude a esta tarefa que acaba por ser un intento fallado, pois a propia busca representa un afastamento da súa propia esencia.

O artista destila, nesta busca do eu, un intento de diálogo consigo mesmo e atópase co silencio, coa ausencia de toda reacción. A súa imaxe responde cunha frialdade inexpressiva. Intenta unha interacción co seu propio reflexo e este articúlase cos movementos provocados polo seu propio espírito. Unha dinámica en que el mesmo é o motor, iniciador de toda acción. O seu *alter ego* responde ás súas caricias con tenrura, á súa violencia con submisión. Un encontro infrutuoso á fin, imposible talvez, pero que debuxa un círculo de amor e de paixón. Amor e tenrura pola vida. Paixón e violencia pola incompreensión, pola incapacidade de entender a esencia que envolve o acto creador. Un autismo do eu, que nega toda vontade de deixarse coñecer. Entenderse para non comprenderse.

.....

Adam Gruba

Dende hai algúns anos estou interesado na arte da performance, centrándome nun exercicio de exteriorización, na posta en práctica das diferentes maneiras de presentar emocións e sentimentos que me pertencen. A condición humana, a interacción da arte cos outros e determinadas experiencias persoais son os temas que na actualidade máis preocupan. Neste sentido, creo a miña propia realidade e trato de modificar o cotián nun intento de ensanchar fronteiras e a nosa propia comprensión do día a día. Achégome ao humano e a min mesmo con certa arrogancia e coa forza dunha potente puntada. A través desta actitude intento explorar xeografías que me fascinan.

.....

**CONOCÍ\_ MIENTO**

O título da performance, *Conocí\_miento*, palabra con resposta plural, remite a xogos conceptuais e induce ao debate doutras posibles significacións poéticas, coa intención e o desexo de influír no público.

Ao indagar na orixe dos elementos (lume, terra, auga, aire, madeira, metal, baleiro), descubrimos que algunhas filosofías antigas os utilizaban como arquetipos para explicar os patróns na natureza, piar do pensamento que dá orixe ao coñecemento.

Para captar o discurso da acción, e aínda que non poidamos predicir os efectos que se poidan producir pola sucesión de feitos dende o seu comezo, remitimos ao concepto da proposta que se apoia na simboloxía dos materiais, na palabra e a súa fragmentación.

O proxecto ideado para o espazo urbano presenta, paradoxalmente, un discurso que se afasta dos clixés culturais urbanos. *Conocí\_miento* e a acción establecen así unha conversación entre idea e a súa posta en escena e aproximan o seu murmurio a quen queira deterse e mirar.

A acción iníciase coa artista nun punto do espazo, deseñando un círculo cunha serie de puntos de conexión (fíos, cor), que actúan como símbolo dos elementos clásicos. Tótem, personaxe central con embude (sombreiro), darán forma ao concepto.

.....

KOKE VEGA

O meu traballo sempre é un cóctel que inclúe os mesmos ingredientes en diferentes proporcións: teatro, poesía, plástica e estrañamento. Cun sorbo dáme por ensaiar pequenos, privados e imperceptibles saltos mortais en forma de recitais ou accións.

Son das que se estrullan metafisicamente, sei que non está de moda pero non podo evitalo. Intento entenderme a min mesma e ao mundo que me rodea, e a través dese entendemento soportarme (e soportalo) o mellor posible. De aí que os meus temas recorrentes sexan os relacionados co autocoñecemento, o sentido da vida e a crítica sociopolítica. Nas miñas accións materializo estes demos privados para xogar con eles, igual que un neno xoga cos seus monstros.

Creo que o *performer* é un artista perdido nun contínuum de espazos e situacións irrealis, obxectos que aparecen e desaparecen na néboa e cos que decide xogar para dialogar consigo mesmo, para dialogar cun mundo absurdo dende o absurdo.

Se de súpeto todo cambia, a néboa é sólida e os obxectos dilúense, ao artista só lle queda xogar coa néboa.

Como boa *performer*, estou absolutamente perdida, pero aplícome apaixonadamente á aventura do xogo, porque experimentei que o xogo te cura e te arrastra a novas e insospeitadas dimensións do coñecemento.

.....

Belén Cueto

A identidade inescusable.

Considérase que a identidade cultural se define por oposición a outras. Un grupo defínese a si mesmo como tal ao notar e acentuar as diferenzas con outros grupos e culturas. Un conxunto de persoas cre pertencer á mesma cultura cando se basea nunhas normas comúns, pero a apreciación de tales códigos é posible soamente mediante a confrontación coa súa ausencia, é dicir, con outras culturas, coa alteridade.

Pode existir unha identidade cultural en que o conxunto de valores, tradicións, símbolos, crenzas e modos de comportamento neutralizasen a alteridade?

Estariamos a falar dunha identidade común a todos, en que as súas regras básicas e os significados que subliñasen a súa produción actuasen como elemento cohesionador de xeito xeral para todas as persoas, en que calquera individuo puidese fundamentar o seu sentimento de pertenza.

Obviamente estaríamos a referir a unha identidade cultural na cal, de certa forma, se revisaran as convencións compartidas en que se basean todas as identidades culturais actuais, estas que dan por suposto a nosa propia existencia; quizais chegou o momento de non dar por feito que a nosa respiración, a nosa hidratación ou a nosa alimentación non están aseguradas, e a dos nosos sucesores tampouco.

Durante demasiado tempo démoslle as costas ao feito de formar parte dun sistema do que dependemos e que dá sinais alarmantes de esgotamento que non queremos afrontar.

A identidade inescusable sería a común a todos os seres vivos, sería a que convive coa específica de cada individuo, pero a que asegura que esta non esquece a necesidade de actuar respectando o medio que permite a nosa existencia e a nosa continuidade.